

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

RESOLUCIÓN do 13 de abril de 2021 pola que se ordena a publicación do Convenio de adhesión do Concello de Cenlle.

O día 12 de abril de 2021 a Axencia e o Concello de Cenlle asinaron o Convenio de adhesión dese concello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021

Jacobo Hortas García
Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021.

INTERVEÑEN:

Dunha parte, José Manuel Rodríguez Lamas, alcalde do Concello de Cenlle, provincia de Ourense, en representación do concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

EXPOÑEN:

Primeiro. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG, en diante), no seu artigo 10, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en



común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realízase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a aprobación previa do Pleno da Corporación e da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, e será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados polo Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no *Diario Oficial de Galicia* núm. 222, do 16 de novembro.

Segundo. O Concello de Cenlle ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nos artigos 151 e seguintes da LSG.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da comunidade autónoma e a local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

Terceiro. En virtude do establecido no artigo 10 da LSG, a axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.



Neste sentido, o artigo 9 dos estatutos da axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na axencia, nos supostos que determine a Lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión.

Cuarto. Este convenio de adhesión obtivo a aprobación previa do Pleno da Corporación municipal de Cenlle, en sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 2020, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, do 12 de abril de 2021, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG.

Os intervinientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. *Incorporación á axencia*

O Concello de Cenlle, na provincia de Ourense, incorpórase e adhiñese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e na Lei do solo de Galicia.

Segunda. *Delegación de competencias*

1. O Concello de Cenlle delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 151 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen título habilitante municipal de natureza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:



a) Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG).

b) Solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG).

c) Núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira da LSG).

A axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No caso de infraccións relativas a obras e usos suxeitos a comunicación previa serán tramitados unicamente os referidos a denuncias remitidas polos concellos adheridos, debendo achegar informe técnico municipal.

3. Nesta delegación de competencias non está incluída a inspección, a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

4. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola axencia, en exercicio de competencias delegadas, corresponderalle igualmente á Axencia, despois do informe previo do concello, que deberá emitirse no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal continuarase coa tramitación do recurso.

5. A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría exixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á Dirección da axencia e publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira. *Réxime económico*

1. O réxime económico do presente convenio establécese coas seguintes condicións:

a) O concello terá dereito ao 10 % do produto das multas coercitivas e sancións, e como máximo trinta mil euros anuais, efectivamente recadadas pola axencia no termo municipal de Cenlle, tanto en exercicio de competencias propias como delegadas.



2. O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola axencia, en exercicio de competencias delegadas polo concello, serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobramento pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a axencia transferirá ao concello unha cantidade equivalente ao 10 % dos ingresos percibidos, e como máximo, trinta mil euros anuais, polas multas coercitivas e sancións recadadas no seu termo municipal.

Este modelo de financiamento será de aplicación ás multas coercitivas e sancións impostas a partir da entrada en vigor do convenio, sen afectar as multas e sancións impostas en períodos anteriores, aínda que se recaden unha vez entre en vigor o convenio.

Cuarta. *Obrigacións asumidas polo concello*

O Concello de Cenlle asume as seguintes obrigacións:

a) Prestar a cooperación e asistencia activa que a axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias.

b) Facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións.

c) Cando o concello remita denuncias por obras e usos do solo sen título habilitante ou sen axustarse ás súas condicións, deberá remitir un informe técnico con contido suficiente para a incoación dos expedientes administrativos que procedan. En todo caso, e como mínimo, deberán identificarse as persoas responsables da actuación inspeccionada, as obras obxecto do expediente, así como os incumprimentos da normativa urbanística.

d) Prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precintaxe de obras e identificar os responsables de posibles infraccións.

e) Absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada.



f) Emitir informe previo á resolución dos recursos interpostos contra actos ditados pola axencia en exercicio de competencias delegadas, no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal, continuarase coa tramitación do recurso.

g) Contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión.

h) Respetar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro.

Quinta. *Programa de incorporación*

A incorporación do concello á axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta. *Prazo de vixencia do convenio*

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Cenlle perda a condición de membro da axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima. *Interpretación do convenio*

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da axencia aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

Oitava. *Protección de datos de carácter persoal*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas



físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas neste, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Cenlle, José Manuel Rodríguez Lamas, alcalde.

Pola Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

